

Ordenanza de Prezos Públicos Nº I

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA
PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTROS SERVIZOS
EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS**

Aprobación: 22/04/04 - B.O.P.: 04.06.04

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 117 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, en relación co artigo 41 da mencionada Lei, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de Ensinanzas Especiais e outros servizos en establecementos municipais.

Consideraranse Servizos abranguidos no ámbito de aplicación desta ordenanza, cursos e ensinanzas e actividades que organice o Concello no exercicio das súas competencias educativas nas que se establezan dereitos de matrícula.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os alumnos que se matriculen nos cursos. De non teren maioría de idade ou non estaren emancipados serán contribuíntes os seus pais, titores ou representantes legais.

Asemade estarán obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta norma, as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien pola cesión de locais municipais.

ARTIGO 3. CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

A) ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA:

MATRÍCULA POR CURSO COMPLETO

Matrícula: 42,07 € (incluída no primeiro pago no caso do pago da matrícula en dúas veces)

		MÚSICA E MOVEMENTOS (4-5 ANOS)	MÚSICA E MOVEMENTOS (6-7 ANOS)	1º CURSO	2º CURSO	3º CURSO	4º CURSO	5º CURSO	6º CURSO
Curso Completo		72,12 €	96,16 €	180,30 €	180,30 €	204,34 €	204,34 €	204,34 €	204,34 €
En 2 pagos	1º pago (4 meses)	42,07 €	54,09 €	102,17 €	102,17 €	108,18 €	108,18 €	108,18 €	108,18 €
	2º pago (5 meses)	30,05 €	42,07 €	78,13 €	78,13 €	96,16 €	96,16 €	96,16 €	96,16 €

MATRÍCULA POR MATERIA SOLTA.

- Matrícula: 42,07 € (incluída no primeiro pago no caso do pago da matrícula en dúas veces)
- Cota mensual por materia: 6,01 €

		1 MATERIA	2 MATERIA	3 MATERIA
Curso Completo		96,16 €	150,25 €	204,36 €
En 2 pagos	1º pago (4 meses)	66,11 €	90,15 €	114,19 €
	2º pago (5 meses)	30,05 €	60,10 €	90,15 €

MATRÍCULA MÚSICA E MOVEMENTOS MÁIS UN INSTRUMENTO

Matrícula: 42,07 € (incluída no primeiro pago no caso do pago da matrícula en dúas veces)

		MÚSICA E MOVEMENTOS (6-7 ANOS) MÁIS UN INSTRUMENTO
Curso Completo		150,25 €
En 2 pagos	1º pago (4 meses)	54,09 €
	2º pago (5 meses)	96,16 €

OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL

Cota: 30,05 € ao ano

OBRADOIRO DE ASESORAMENTO DE GRUPOS MUSICAIS

Cota: 30,05 € ó ano

SERVIZO DE ALUGAMENTO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS

Prazo máximo de alugamento: 1 curso

Prezo do alugamento:..... 6,01 € / mes

Pago do 1º prazo do alugamento: 24,04 € (4 meses)

Pago do 2º prazo do alugamento: 30,05 € (5 meses)

- A responsabilidade de roturas, danos ou perdas dos instrumentos correrían por conta do beneficiario.
- Os instrumentos serían alugados na medida do posible tendo en conta a existencia de estes nos fondos da Escola de Música.
- A orde de préstamo viría dada pola orde de petición por parte dos alumnos.

B) POR ALUGAMENTO DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Con mobiliario: 3,00 euros por m²/día.

Sen mobiliario: 1,50 euros por m²/día.

Por resolución motivada da Alcaldía, poderá autorizarse a cesión gratuíta do uso de locais municipais a colectivos sociais, grupos municipais, asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e centros de ensino. En todo caso, podería esixirse a prestación dunha fianza para responder do bo uso dos locais, que sería devolta de non producirse danos nas instalacións.

ARTIGO 4. OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para o curso ou actividade da que se trate, e coa oportuna autorización para uso dos locais municipais.

2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición da Escola Municipal de Música aboaranse dunha soa vez ao realizar a inscrición. No caso de fraccionar o pago en dúas cotas, a segunda realizarase nos 10 días anteriores á finalización do período que engloba o primeiro pago.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.